

PEZA DO MES

febreiro

2004



VIRXE GLORIOSA

SEGUNDA METADE DO SÉCULO XIV

MARFIL

8 x 5 CM

Nº INV. 380

FOLLA DE DÍPTICO CO RELEVO DA VIRXE CO NENO ENTRE DOUS ACÓLITOS, DESTINADA A UNHA DEVOCIÓN ÍNTIMA E MÁIS CERCANA CA DOS SÉCULOS PRECEDENTES.





DETALLE DA VIRXE CO NENO

VIRXE GLORIOSA

Segundo consta no libro de actas da Comisión de Monumentos, sendo presidente da mesma Don Marcelo Macías, faise entrega por parte de Don Manuel Castro, profesor do Seminario, o 10 de xaneiro de 1904, dunha táboa fina de marfil que formou parte dun díptico representando á Virxe co Neno Xesús e dúas figuras ós lados, baixo preciosas arcadas oxivais. A peza á que se fai referencia e que hoxe presentamos, carece doutros datos documentais que poidan contribuír ó seu estudio, salvo que pouco despois pasa a formar parte da colección estable do Museo, sendo incluída dende o primeiro momento na sección de eboraría da colección de obxectos medievais de orixe francés.

Trátase dunha pequena placa de marfil de cor branca brillante no anverso e amarelenta, pola acción da luz e a temperatura, no reverso, de 8 cm de alto por 5 cm de longo, na que está representada a Virxe gloriosa co Neno. A escena desenvólvese dentro dun espacio sacro con tódolos elementos que caracterizan á arquitectura gótica. A Virxe María co Neno, amparada por dous acólitos que portan cálices, a modo de parteluz, dividen a escena como nas portada góticas, mentras que un friso de dobre arcada oxival con decoración de gabletes, *crochets* e pequenos pináculos cobixan as imáxenes como se dunha catedral gótica se tratase. Baixo esta, completando a escena, dous anxos turiferarios perfuman con incienso o espacio.

A figura de María, pese ás súas reducidas dimensións, amósanos toda a súa humanidade, como unha nai real e íntima, sorrí ó Neno mentres inclina a cabeza para que este, coma un neno de verdade xuguetee cos seus cabelos. Non só é humana a súa actitude senón que o seu corpo, abaneándose lixeiramente, deixa caer o manto en elegantes pregues que recolle por debaixo do Neno, no seu brazo esquerdo.

A escena está enmarcada por un pequeno listón liso, conservando nun dos seus lados as fendeduras de dúas fallebas, a inferior parcialmente rota, signo inequívoco da súa condición de folia dun díptico.

Este tipo de placas, moi abundantes entre os séculos XIII e XIV, son consecuencia dos cambios sociais e económicos da Europa da Alta Idade Media. Paulatinamente, e a medida que avanza o século XIII, xa consolidados os valores creativos da escultura monumental gótica, asistimos ó auxe dunha arte de pequenas dimensións, luxosa delicada; produto dunha nova mentalidade.

A finais do século XIV, Europa farase inexorablemente urbana, deixará de ser a Europa dos castelos, para converterse na dos pazos. Nobres cada vez máis cultos e urbáns, xunto a unha florecente burguesía de banqueiros e ricos comerciantes, demandarán pezas de pequeno formato, cada vez máis refinadas para ornato dos seus salóns e capelas. Son pezas en vulto redondo ou en relevo, realizadas en materiais de calidade: ouro, prata e sobre todo marfil, que estaban destinadas a ser colocadas en oratorios privados para un culto máis íntimo e humano que o do século precedente. É verdade que estas pequenas tallas de marfil non terán a transcendencia creadora da eboraría románica, nin a súa importancia iconográfica, pero o seu fácil transporte fixo delas excelentes transmisores duns modelos creados pola gran escultura monumental que se difundiron dende Francia e Italia por toda Europa, contribuíndo en numerosas ocasións á internacionalización da arte.

Ata hai poucos anos, a maioría destas obras, agás aquelas que tivesen unhas características claramente hispanas, considerábanse sempre de orixe francés. Contribuíu a isto tanto a escasa atención mostrada polos estudiosos da historia da arte cara á eboraría gótica en España — exceptuando o traballo de Margarita Estella —, como a temperá publicación da magnífica obra



DETALLE DOS ARQUIÑOS

de Raymon Kloechin, sobre eboraria gótica francesa, considerada durante moito tempo unha obra pechada. Nela faise un estudio por obradoiros, tipos e épocas, definindo as súas características estilísticas e elaborando un inventario das pezas coñecidas ata ese momento.

Segundo este autor, en España, os relevos da primeira época son escasos aínda que de excelente calidade, destacando o díptico do Mosteiro do Escorial. Adscrito ó mestre francés dos dípticos da “decoración con rosas”; representa escenas da vida de Xesús, a súa Paixón e Resurrección. Algunhas das súas características poderían indicar que certas pezas puideran ser obra de mestres españois máis ou menos influenciados por modos de facer de mestres franceses.

Outro grupo, este máis abundante, é o que responde ó que o mesmo autor clasifica como dípticos da Paixón. Taller que traballa a mediados do século XIV con renovados plan-texamentos estéticos e numerosas variantes. O díptico da Paixón conservado na catedral de Oviedo é unha magnífica obra deste taller.

Interesante tamén, para o estudio da eboraria hispana, é un curioso tríptico con escenas da infancia de Cristo e exaltación manifesta dos Reis Magos, que se conserva no Museo de Valencia de Don Juan, considerado por algúns autores como peza italiana ou quizais de orixe española.

Merecen un capítulo específico na obra de Kloechin unha serie de placas con escenas

sinxelas baixo arquerías simples ou complexas, realizadas en Francia e distribuídas por toda Europa, clasificándoas segundo a complexidade das súas arquitecturas, sendo as máis modernas aquelas que presentan arquerías máis complexas.

Por todo o dito, pese ó medo ó “falso” – no século XIX fanse multitude de copias imitando estes modelos –, pola categoría das persoas que tiveron a oportunidade de estudiala, pola temperá data do seu ingreso, e á espera dun estudio máis profundo, cremos que é unha peza orixinal de mediados do século XIV adscrita ó taller dos dípticos con arquitecturas complexas.

O marfil, pola súa brancura, a súa gran durabilidade, a finura do seu gran, ser susceptible de pulido e pola facilidade con que se traballa, foi utilizado dende a Prehistoria en numerosas artes e ornamentos. A maior parte do marfil empregado na Idade Media procedía de Siberia. Usouse ademais o da Costa del Marfil e Madagascar que se traía polo Mediterráneo a través do porto de Alexandría. Cando este escaseaba ou era moi caro substituíuse polo óso; empregábase o fémur de vaca ou doutros animais de gran tamaño aínda que as súas características son notoriamente inferiores ó marfil: é menos branco, de gran máis groso e de menor tamaño. Hoxe en día estamos acostumbrados a ver o marfil na súa cor pero durante moito tempo a práctica habitual era douralo ou policromalo, o que require unha longa preparación co obxecto de favorecer a dilatación dos poros a fin de que os colorantes se adhieran.

Para esculpir o marfil, primeiro fanse unhas taboñas do tamaño que se desexa, logo cóbrense cunha capa de greda na que se debuxan cun chumbo as imaxes que se queren reproducir, despois márcanse estes trazos cun ferro moi agudo a fin de que sexan visibles; unha vez feita esta operación cávanse os campos libres segundo a profundidade que se requira. Previamente para traballalo con máis facilidade pódese abrandar con vapor de auga, en solucións de ácido fosfórico puro e tamén se logran bos resultados en infusións de vinagre forte.

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Ana María Veiga Romero. FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-97-2004

